

ACTA ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA OUTUBRO 2008

Ten lugar o día 11 de outubro de 2008, Sábado, ás 18:30 horas no Pazo de Congressos de Santiago de Compostela no marco do desenrolo das Xornadas de Actualización SEMFYC. Asisten 46 Socios.

Coa seguinte **orde do día**:

- 1 Modificación cotas AGAMFEC.
- 2 Postura AGAMFEC ante os baremos da OPE e traslados
- 3 Rogos e preguntas.

1. O Tesoureiro da AGAMFEC, Andrés Manuel Martínez González, propón unha subida das cotas de Socio, que forman parte dun conxunto de medidas encamiñadas a inverter o saldo negativo anual que a sociedade ven presentando nos últimos anos. Expón as diferentes cotas que teñen as demais Sociedades Federadas de SEMFYC en España, e Galicia está debaixo da media. Propón no 2009 unha subida de 5 euros ó semestre ós médicos residentes e 10 euros ó semestre ós médicos non residentes, mantendo a gratuidade da cota dos MIR de primeiro ano. Quedaría:

-Médicos non residentes: 30 € semestrais (60 €/ano) -Médicos residentes: 25 € semestrais (50 €/ano) (MIR-1 gratis) Propón tamén que a partir do 01/01/2010 aplicárase unha **subida igual ó IPC anual, cada ano. Vótase a man alzada:**

- A favor: 41
- En contra: 0
- Abstencións: 1

Apróbase a subida que será efectiva a partir do 01/01/2009.

2. Vital Diéguez Pereira, como Secretario, fai un resumo da contexto actual e das medidas que adoptou a AGAMFEC. De forma resumida:

- Na OPE 2006, infravalorouse a posesión do Título Especialista Medicina de Familia vía MIR, ó non contar o tempo traballado durante a residencia e o incluír no mesmo epígrafe de formación o Título (7,5 puntos) e os cursos de formación continuada de forma que se puidese igualar a puntuación da Especialidade mediante a realización dun número determinado de cursos. A AGAMFEC, ante a negativa da Consellería de cambiar dito baremo, interpuxo un Recurso no Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza Galego, que foi desestimado. Enviou cartas os medios de comunicación, páxina WEB, Cadernos de Atención Primaria... expresando o seu desacordo e pedindo que non se repetise esta medida na OPE 2008. Así mesmo redactou unha Proposta de Baremo (Anexo 1) que foi enviada á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- Os Socios en debate aberto recriminan que non se contase con eles para redactar dito baremo e que non se lles enviase de antemán unha copia para que no día de hoxe puidesen aportar ideas elaboradas.

- Jaime González, como Presidente da AGAMFEC, reconece que houbera sido boa idea enviarlles unha copia e pide desculpas, pero redactar entre tódolos Socios a proposta sería inviable loxísticamente.
- Gerardo Palmeiro, como Vocal da páxina WEB, recorda e incide na importancia de consultar a páxina web da Sociedade e actualizar os datos para mellorar a comunicación Directiva-Socios. Por parte de dous socios propónse que se envíe un Baremo de máximos e que se inclúan as comunicacións a Congresos como méritos baremables.

Esta idea lévase a **votación**:

- A favor: 10
- En contra: 14
- Abstencións: 5

Decídese non enviar outro baremo diferente.

- Gabriel Díaz Grávalos, como Vicepresidente da AGAMFEC e membro do Tribunal da Oposición, explica cal foi o papel dos membros do Tribunal, e como as poucas medidas que se podían someter a votación perdíanse por estar en minoría fronte os outros membros que defendían intereses contrarios ós da AGAMFEC. (SEMG, SEMERGEN e representante sindical).
- Un socio pídenos que estudemos se é ilegal e vai en contra do Estatuto Marco a distribución 60% exame -40% méritos que se anunciou para a OPE 2008. Estudárase.
- Un grupo de socios solicita que se interpoña outro Recurso no Contencioso-administrativo contra a baremación da OPE 2006, baseándose en non valorar o tempo traballado mentres se fixo a residencia así como non baremar cursos realizadas durante a mesma. Lévase a **votación**:
 - A favor: 13
 - En contra: 12
 - Abstencións: 7

Decídese interpoñer o Recurso contra a Consellería.

- Acórdase presionar á Consellería dende a Directiva AGAMFEC para o cambio de baremo e os sindicatos, pero tamén que cada socio que pertenza a un sindicato o faga a título persoal para acadar máis forza.
- Sen tomar ningunha decisión nin medida concreta, exprésase a intención por parte da maioría dos socios e Xunta Directiva de, no caso de non conseguir un baremo xusto onde se valore a Especialidade vía MIR, tomar outro tipo de medidas con posterioridade a publicación do Baremo da OPE 2008.
- Jaime González informa de que está actualmente en contacto coa Conselleira de Sanidade e co Secretario Xeral do Sergas, que expresaron a súa intención de confeccionar un baremo onde se inclúan os cambios que dende a AGAMFEC se propoñen.

As 20:00 remata a Asemblea Extraordinaria.

Santiago de Compostela a 11 de outubro de 2008

Asdo. Vital Diéguez Pereira
Secretario da AGAMFeC

Asdo. Jaime González Rey
Presidente da AGAMFeC

